



MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA (IMELGA) E O INSTITUTO DE CIENCIAS FORENSES "LUÍS CONCHEIRO"

Á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, correspóndelle prover aos xulgados e tribunais dos medios precisos para o desenvolvemento da súa función con independencia e eficacia (art. 37.1 da Lei Orgánica do Poder Xudicial) e, neste ámbito, se comprende a creación, organización e regulación do funcionamento dos Institutos de Medicina Legal; centros de destino dos médicos forenses, encargados de prestar a xuíces, tribunais e fiscais asistencia técnica nas materias da súa disciplina profesional; así como se enmarca tamén neste contexto a dotación a estes institutos de recursos humanos, técnicos e materiais para o cumprimento da súa misión.

Antecedentes: Coa creación do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" –antes denominado "Instituto Universitario de Medicina Legal da Universidade de Santiago de Compostela"– polo Decreto 247/1992, do 30 de xullo, como órgano mixto da USC e da Xunta de Galicia, concédeselle ao instituto a autorización para levar adiante as actividades que a Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, lles atribúe aos institutos universitarios, e establécese que para os efectos de adscrición de persoal e de vixencia das actividades do instituto rexerá o establecido nos Estatutos da USC e mais no regulamento do convenio que anualmente se vén asinando, no que se contempla unha transferencia de fondos para o sostemento económico do citado instituto.

O Decreto 119/2005 polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), cunha filosofía de optimización dos recursos públicos, adopta unha solución organizativa peculiar, que consistiu en crear no IMELGA só dous servizos (o de patoloxía e o de clínica), en lugar dos tres servizos previstos no Real decreto 386/1996. O terceiro dos servizos, sería o servizo de laboratorio, en Galicia non se creou. En lugar diso o Regulamento do Instituto de Medicina Legal de Galicia, aprobado polo dito Decreto 119/2005 (DOG do 18 de maio de 2005), estableceu no seu artigo 11.3:

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela





“A través de convenios e doutros instrumentos asinados pola consellería competente e a universidade, poderá regularse a relación do Instituto de Medicina Legal de Galicia co Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” da Universidade de Santiago de Compostela para a utilización dos seus servizos. En particular, poderá regularse a cooperación do servizo de laboratorio do instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” na investigación médico-legal, sen prexuízo das competencias que lle corresponden ao Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, como centro de referencia na materia.”

Dende entón, vense asinando anualmente un Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a colaboración entre o Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) e o Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” (antes denominado Instituto Universitario de Medicina Legal).

Finalidade: Para os efectos sinalados, vaise formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela un convenio de colaboración por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento polas partes dos deberes asumidos, pero en ningún caso excederá o 30 de decembro de 2025.

Este convenio recolle os termos da relación do Instituto de Medicina Legal de Galicia e o Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” da Universidade de Santiago de Compostela; unha relación que consiste fundamentalmente na realización por parte do instituto universitario de probas de investigación de paternidade derivadas de expedientes xudiciais acollidos ao beneficio de xustiza gratuíta, así como a realización de análises biolóxicas, clínicas, de toxicoloxía e criminalística solicitadas xudicialmente ou polos médicos forenses do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA).

E esas son as finalidades principais, sen prexuízo de que, ademais, o convenio recolla previsións sobre colaboración o desenvolvemento da investigación científica e técnica no campo das Ciencias Forenses, a realización de actividades docentes e de formación no campo da Medicina Legal, así como actividades de asesoramento técnico á Administración de Xustiza no campo da patoloxía forense e da clínica médico legal, e aquelas outras actividades que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes lle solicite, cando sexan demandadas pola autoridade xudicial.

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela





Para soste ese funcionamento do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" da Universidade de Santiago de Compostela, no marco de colaboración específico previsto polo artigo 11.3 do Regulamento do Instituto de Medicina Legal de Galicia, o convenio contempla unha achega de fondos a favor do instituto universitario que se realiza en calidade de transferencia e non en calidade de subvención. Concretamente, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Xustiza, destinará ata un máximo de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €) pola realización das actividades previstas no convenio, con cargo á aplicación 05.03.131A.444.0 que consta na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de xustiza

José Tronchoni Albert

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela

